

Paraninfo

A técnica contable



Editorial: Paraninfo

Autor: ÁNGEL MANUEL LÓPEZ CAMEÁN

Clasificación: Ciclos Formativos >
Administración y Gestión

Tamaño: 21 x 27 cm.

Páginas: 332

ISBN 13: 9788428338325

ISBN 10: 8428338329

Precio sin IVA: 31,25 Eur

Precio con IVA: 32,50 Eur

Fecha publicación: 21/04/2016

Sinopsis

Este libro desenvolve os contidos do módulo profesional de Técnica Contable, incluído no Ciclo Formativo de grao medio de Xestión Administrativa, pertencente á familia profesional de Administración e Xestión. Os contidos tratados correspóndense cos establecidos no currículo oficial vixente na Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 191/2010, do 28 de outubro.

Ao longo de dez unidades aséntanse as bases da metodoloxía contable mediante o recoñecemento dos elementos que integran o patrimonio dunha organización económica, a súa clasificación en masas patrimoniais, a aplicación do Convenio de cargo e aboamento e do Método da partida dobre, e a identificación do contido básico do Plan Xeral de Contabilidade de pequenas e medianas empresas que permitirán entender o mecanismo dos rexistros necesarios para a elaboración dos libros contables e a formulación das contas anuais.

Deseguido, apréndense a contabilizar as operacións de gastos e ingresos, as relativas ao inmovilizado, e as operacións financeiras que se levan a cabo na xestión empresarial, para finalmente proceder a realizar os axustes contables no peche do exercicio. Para rematar, preséntanse aplicacións informáticas específicas para a contabilización dos feitos contables, valorando a súa eficiencia na xestión do plan de contas.

Así mesmo, cada unidade inclúe numerosas actividades resoltas, exemplos, esquemas, táboas, figuras, cadros con información adicional, mapas conceptuais e actividades finais de comprobación, de aplicación, e de ampliación que de seguro contribuirán a acadar os obxectivos fixados ao inicio do estudo desta materia.

En definitiva, *A técnica contable* contribúe a que se adquiran de forma progresiva e continua as competencias

necesarias para que o futuro técnico poida desenvolverse con éxito no mundo laboral.

O autor, licenciado en Economía pola Universidade de Santiago de Compostela, é profesor en activo no corpo de profesores técnicos de formación profesional con máis de dez anos de experiencia profesional na docencia de Ciclos Formativos e de Formación para o Emprego da familia de Administración e Xestión. Ademais, é especialista no emprego de aplicacións informáticas e no desenvolvemento das novas tecnoloxías orientadas á xestión empresarial.

Índice

1. Introducción á contabilidade; **2.** Patrimonio empresarial; **3.** Metodoloxía contable; **4.** Plan Xeral de Contabilidade; **5.** Gastos e ingresos na xestión empresarial; **6.** Compras e vendas de existencias; **7.** Inmovilizado; **8.** Fontes de financiamento; **9.** Peche do exercicio; **10.** Contabilidade informatizada.

Ediciones Paraninfo S.A. Calle José Abascal, 56 (Utopicus). Oficina 217. 28003 Madrid (España)

Tel. (+34) 914 463 350 Fax

info@paraninfo.es www.paraninfo.es